

e) Orixinalidade da idea exposta e do punto de vista empregado ao desenvolvela: 2 puntos.

f) Solvencia da bibliografía utilizada: 2 puntos.

Décimo primeira.-O autor ou autora do ensaio premiado recibirá 3.000 euros. O seu pagamento farase con cargo á aplicación orzamentaria 04.60.353E.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. O traballo será publicado na Colección Cadernos Ramón Piñeiro polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Décimo segunda.-A proposta de concesión do premio emitida polo xurado elevarase á secretaria xeral de Política Lingüística, para a súa resolución e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución os interesados ou interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a secretaria xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* segundo o disposto na disposición adicional 2 d) do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia e no disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O prazo máximo de resolución rematará o día 31 de decembro de 2006. Os traballos entenderanse desestimados de non ditarse resolución expresa no prazo sinalado no parágrafo anterior.

Décimo terceira.-O premio será único e indivisible. O xurado poderá aconsellar a publicación de traballos de interese que non recibisen o premio e así mesmo poderá decláralo deserto.

Décimo cuarta.-A presentación a este premio implicará, para o autor galardoado ou galardoada, a cesión dos dereitos de explotación en favor da secretaria xeral de Política Lingüística. A compensación económica polos dereitos de explotación que lle puidera corresponder ao autor ou autora, considerárase incluída na dotación do premio. Os orixinais que non resulten premiados poderán ser recollidos no prazo de dous meses, a partir do cal serán destruídos.

Décimo quinta.-As incidencias que poidan presentarse nos supostos non previstos nestas bases serán resoltas polo xurado do premio.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2006.

María Sol López Martínez
Secretaria xeral de Política Lingüística

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 16 de maio de 2006 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias en Galicia, e se convocan para o ano 2006.

As axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias, están autorizadas por Decisión da Comisión Europea, segundo comunicación do 12-9-2002, (Axuda de Estado nº N 764/2001. España, Galicia).

Na Orde do 23 de decembro de 2004, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, número 252, con data do 23 de decembro, establécense as bases reguladoras das axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias en Galicia, e convocábanse as axudas para o ano 2005.

A Consellería do Medio Rural xustifica o interese e a continuidade desta liña de axuda en función do propio reordenamento do sector asociativo agro-gandeiro de Galicia, que fai moi necesario promover tanto o seu asociacionismo como o seu redimensionamento empresarial, aínda que, para mellorar a operatividade e os resultados que se obteñen, é necesario introducir determinadas modificacións puntuais das bases reguladoras da devandita orde.

Por todo o exposto, en consonancia co establecido no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto modificar as bases reguladoras das axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias en Galicia, que se establecen na Orde do 23 de decembro de 2004 (publicada no DOG nº 252, do 29 de decembro); así como convocar estas axudas para o ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva.

Sección primeira

Modificación das bases reguladoras

Artigo 2º.- Modificación das bases reguladoras.

Modifícanse os artigos 4, 9, 10 e 12 da Orde do 23 de decembro de 2004, pola que se establecen axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias en Galicia, que quedan redactados como segue:

Artigo 4º.-Conceptos subvencionables e contía económica.

Engádeselle un punto 3 o artigo 4 que di:

3. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 € no suposto do custo por exe-

cución de obra, ou de 12.000 € no suposto de subministración de bens e equipo de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección destas ofertas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 9º.-Tramitación.

As unidades administrativas receptoras remitirán no prazo máis breve posible as solicitudes de axuda recibidas á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, para que o servizo competente comprobe que a solicitude e a documentación presentada reúnen os requisitos exixidos nesta orde e que as actuacións e investimentos incluídos na solicitude de axuda non se iniciaron fóra dos prazos permitidos pola normativa vixente.

Se os impresos de solicitude non están debidamente cubertos, se non se achega a documentación establecida ou se o expediente presenta defectos corrixibles, requirirase o interesado para que nun prazo máximo de dez días emende os erros ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que de non facelo se terá por desistido da súa petición, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 10º.-Resolución.

O órgano competente para levar a cabo a tramitación desta orde de axudas é a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. A avaliación das solicitudes será levada a cabo por un órgano colexiado composto polo subdirector xeral competente en produción agraria sustentable e fomento asociativo, o xefe de servizo competente en fomento asociativo agrario, un xefe de sección e un xefe de negociación que actuará como secretario. O órgano colexiado valorará as solicitudes de axuda segundo os criterios establecidos e formulará proposta de concesión ao director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria que á súa vez a elevará ao conselleiro do Medio Rural.

O conselleiro do Medio Rural resolverá sobre a aprobación das axudas solicitadas en réxime de concorrencia competitiva axustándose aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

Seguidamente notificaráselles ás entidades asociativas beneficiarias a resolución da concesión da sub-

vención e o seu importe previsto, segundo as normas e criterios establecidos nesta orde, así como en función das solicitudes presentadas e da dotación orzamentaria existente. De todas as formas, o pagamento queda supeditado á súa correcta xustificación.

Se non se notificase a resolución de concesión no prazo de 6 meses, poderá entenderse desestimada a axuda solicitada.

Artigo 12º.-Xustificación e pagamento.

1. A xustificación do gasto correspondente aos investimentos e actividades subvencionables ao abeiro desta orde deberase realizar antes do 31 de outubro deste ano.

O incumprimento deste prazo poderá implicar a perda da subvención concedida, sen necesidade de aviso ou notificación ningunha ás entidades asociativas beneficiarias.

2. A xustificación do gasto efectuarase prioritariamente ante o Servizo de Fomento Asociativo, (Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, rúa dos Irmandiños, s/n, Santiago de Compostela).

3. As subvencións concedidas faranse efectivas mediante pagamentos nominativos a favor das cooperativas e SAT beneficiarias, unha vez que acrediten debidamente as actividades, investimentos e gastos realizados, de acordo co que se especifica no texto desta orde e na correspondente resolución de concesión.

4. Para efectuar o pagamento da axuda concedida é necesario que as entidades asociativas beneficiarias presenten a seguinte documentación:

a) Facturas e recibos orixinais ou as súas copias compulsadas, que xustifiquen os gastos, actividades e investimentos realizados. Tamén se achegará transferencia bancaria, certificación ou calquera outro documento similar que acredite fidedignamente o seu pagamento. As facturas deberán traer o IVE desagregado correctamente.

b) Certificación da entidade asociativa beneficiaria, na cal se detalle a súa aceptación expresa da subvención nos termos en que se lle concedeu.

c) Certificación de todas as axudas solicitadas ante as distintas administracións públicas para os mesmos fins considerados nesta orde, tanto as concedidas como as pendentes de resolución. Esta certificación debe vir asinada polo secretario da cooperativa ou SAT, co visto e prace do seu presidente.

d) No caso de investimentos en construcións, copia compulsada da licenza definitiva de obras. Se son novas instalacións, para facer o pagamento final é necesario que presenten certificación das autoridades competentes de cumprir as disposicións sanitarias e a licenza de actividade municipal.

e) No caso de investimentos en maquinaria ou equipamentos, copia compulsada da inscrición no rexistro oficial correspondente.

f) Certificación de que o investimento realizado está inscrito no Rexistro de Industrias Agrarias, cando así corresponda.

g) Calquera outra documentación adicional de carácter complementario que se indique expresamente na resolución de concesión da subvención e que se considere necesaria para a xustificación, seguimento e control destas axudas.

Sección segunda

Convocatoria das axudas para o ano 2006

Artigo 3º.-Convocatoria das axudas.

Convócanse para o ano 2006 as axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias en Galicia, reguladas na Orde do 23 de decembro de 2004 (DOG nº 252, do 29 de decembro), coas modificacións que se detallan no artigo 2º desta orde.

Artigo 4º.-Condicións e finalidade.

1. Para poderse acoller ás axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias, deberanse cumprir os requisitos establecidos na Orde do 23 de decembro de 2004, coas modificacións introducidas nesta orde.

2. Estas axudas teñen por finalidade fortalecer as estruturas produtivas e comerciais das entidades asociativas de carácter agropecuario en Galicia, de forma que sexan máis competitivas e poidan desenvolver procesos de transformación e/ou comercialización das producións agrarias cunha maior viabilidade; abrangendo a súa promoción mediante axudas destinadas aos investimentos, á posta en marcha e á asistencia técnica destas.

Artigo 5º.-Solicitudes, documentación e xestión das axudas.

1. As solicitudes de axuda presentaranse segundo o establecido no artigo 6 da Orde do 23 de decembro de 2004, xunto coa documentación que se detalla no seu artigo 8, así como de conformidade coa redacción dada por esta orde.

Para a presentación da solicitude de axuda debe-rase utilizar o modelo que se xunta con esta orde, que se compón dos seguintes anexos:

-Anexo I: instancia de solicitude.

-Anexo II: relación das liñas de axuda solicitadas.

-Anexo III: relación da documentación presentada.

2. As entidades asociativas beneficiarias, os conceptos subvencionables, a contía económica, os criterios de valoración, o procedemento de xestión das axudas e o prazo e forma de xustificación delas, axustaranse ao establecido nesta orde e na Orde do 23 de decembro de 2004 (DOG nº 252, do 29 de decembro).

3. Quedan exentas de presentar os xustificantes de estar ao día coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia as entidades asociativas beneficiarias das axudas que non superan os 1.500 €, de acordo co establecido no artigo 41 da Lei 7/2005, do 30 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

4. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que teñan que emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o requirido nas correspondentes bases reguladoras, de acordo co previsto no artigo 43 da Lei 7/2005, do 30 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

5. De acordo co previsto no artigo 5.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, nos conceptos subvencionados nesta orde pola Consellería do Medio Rural, empregarase preferentemente a lingua galega en todo o conxunto da documentación que teña que acompañar á solicitude para a súa tramitación.

Artigo 6º.-Prazo de presentación.

Para o ano 2006, o prazo de presentación das solicitudes de axuda será dun mes a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7º.-Financiamento.

A concesión das axudas reguladas nesta orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.612-A.770.0, por un importe de 500.000 €, así como con outros remanentes que puidesen existir nesta ou noutras aplicacións.

En todo caso, a concesión das axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias en Galicia, estará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente e limitarse ás disponibilidades orzamentarias.

Disposición adicional

Quedarán exentos de presentar os xustificantes do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, Facenda Autonómica e Axencia Tributaria, ás que se refire o artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, as entidades asociativas beneficiarias das axudas que non superen os 1.500 €, de acordo co establecido no artigo 41 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, para que, no ámbito das súas competencias, dite as normas necesarias para a correcta aplicación, desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL



PROCEDEMENTO AXUDAS PARA FOMENTAR O ASOCIACIONISMO AGRARIO E O REDIMENSIONAMENTO EMPRESARIAL DAS ENTIDADES ASOCIATIVAS AGRARIAS EN GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR320A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

NA SÚA REPRESENTACIÓN

D/DONA		
CARGO	NIF	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO	
POBOACIÓN			CÓDIGO POSTAL PROVINCIA

SOLICITA:

Que lle sexan concedidas as axudas establecidas ao abeiro desta orde, para:

- ☐ GASTOS DE CONSTITUCIÓN DE NOVAS COOPERATIVAS E SAT EN COMARCAS OU SECTORES SEN APENAS ASOCIACIONISMO.
☐ INVESTIMENTOS DERIVADOS DA INCORPORACIÓN DE NOVOS SOCIOS ÁS COOPERATIVAS E SAT.
☐ FOMENTO DA UNIÓN DE EXPLOTACIÓNS, CONSTITUÍNDOLAS SAT E COOPERATIVAS DE EXPLOTACIÓN COMUNITARIA.
☐ FOMENTO DA FUSIÓN, ABSORCIÓN E INTEGRACIÓN DAS ENTIDADES ASOCIATIVAS AGRARIAS.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 16 de maio de 2006 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias en Galicia, e se convocan as axudas para o ano 2006.

SINATURA DO/A PRESIDENTE/A OU REPRESENTANTE LEGAL

LUGAR E DATA

, de de 200

Conselleiro do Medio Rural

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

*ANEXO II***RELACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS****DATOS DA ENTIDADE ASOCIATIVA AGRARIA SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL		CIF	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO
			FAX

NA SÚA REPRESENTACIÓN

D/DONA		
CARGO	NIF	TELÉFONO

RESUMO DOS GASTOS E INVESTIMENTOS

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	ORZAMENTO PREVISTO	SUBVEN. MÁXIMA	IMPORTE DA SUBVENCIÓN (*)
INVESTIMENTOS DERIVADOS DAS ACHEGAS AO CAPITAL SOCIAL POR INCORPORACIÓN DE NOVOS SOCIOS		50%	
MEMORIA E ESTUDOS DE VIABILIDADE XUSTIFICATIVOS DE NOVAS COOPERATIVAS E SAT		80%	
GASTOS DE ASESORAMENTO, TRAMITACIÓN E NOTARIO (NO CASO DE NOVAS COOPERATIVAS E SAT)		80%	
INVESTIMENTOS DERIVADOS DOS PROCESOS DE UNIÓN DE EXPLOTACIÓNS EN SAT E COOPERATIVAS COMUNITARIAS		50%	
ESTUDOS DE VIABILIDADE PREVIOS SOBRE PROXECTOS DE INTERCOOPERACIÓN		80%	
MEMORIA E ESTUDOS DE VIABILIDADE XUSITIFICATIVOS DA FUSIÓN E INTEGRACIÓN DE COOPERATIVAS		80%	
BALANCES DE FUSIÓN, AUDITORÍAS E INFORMES SOBRE A FUSIÓN E INTEGRACIÓN DE COOPERATIVAS		80%	
GASTOS DE ASESORAMENTO, TRAMITACIÓN E NOTARIO (NO CASO DA FUSIÓN E INTEGRACIÓN DE COOPERATIVAS)		80%	
INVESTIMENTOS DERIVADOS DOS PROCESOS DE ABSORCIÓN E FUSIÓN DE COOPERATIVAS		50%	
INVESTIMENTOS DERIVADOS DOS PROCESOS DE INTEGRACIÓN DE COOPERATIVAS		30%	
TOTAL		XXXXXX	

(*) O importe da subvención non poderá superar os límites máximos que se establecen na orde de axudas

O/A abaixo asinante responsabilízase da veracidade dos datos expostos.

LUGAR E DATA

SINATURA

ASDO.: _____

*ANEXO III***RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA**

INDÍQUESE CUN "X" A DOCUMENTACIÓN, DEBIDAMENTE ORDENADA, QUE SE PRESENTA XUNTO COA SOLICITUDE.

DOCUMENTACIÓN XERAL

- ☐ ACORDO DO CONSELLO REITOR DE SOLICITAR A SUBVENCIÓN (SEGUNDO O ANEXO IV).
- ☐ INFORME XERAL SOBRE A ENTIDADE SOLICITANTE (SEGUNDO O ANEXO V, TOTALMENTE CUBERTO).
- ☐ COPIA COMPULSADA DO CIF DEFINITIVO DA ENTIDADE SOLICITANTE, E DO DNI DO SEU REPRESENTANTE.
- ☐ COPIA DA DECLARACIÓN DO IMPOSTO DE SOCIEDADES DO ÚLTIMO EXERCICIO ECONÓMICO. NO CASO DE NOVAS ENTIDADES, COPIA DA ALTA NO IMPOSTO ACTIVIDADES ECONÓMICAS OU DA DECLARACIÓN CENSUAL.
- ☐ CERTIFICADO DA ENTIDADE SOLICITANTE, COS COMPROMISOS E OBRAS EXIXIDOS NA ORDE (ANEXO VI).
- ☐ CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA, NO QUE SE SOLICITA O INGRESO DA SUBVENCIÓN.
- ☐ ORZAMENTO OU FACTURAS PRO FORMA DO PROGRAMA DE GASTOS, ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS.
- ☐ PLAN DE FINANCIAMENTO DOS GASTOS, ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS PREVISTOS.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA: CONSTITUCIÓN DE NOVAS COOPERATIVAS E SAT

- ☐ MEMORIA TÉCNICA E ESTUDO DE VIABILIDADE XUSTIFICATIVOS DA NOVA CONSTITUCIÓN.
- ☐ IDENTIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DOS EQUIPOS TÉCNICOS REALIZADORES.
- ☐ COPIA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA ENTIDADE ASOCIATIVA.
- ☐ COPIA DOS SEUS ESTATUTOS DEFINITIVOS.
- ☐ COPIA COMPULSADA DA SÚA INSCRICIÓN REXISTRAL.
- ☐ RELACIÓN NOMINAL DOS SOCIOS, COS SEUS EFECTIVOS PRODUTIVOS E ACHEGAS ECONÓMICAS PAGADAS.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA: INCORPORACIÓN DE SOCIOS E UNIÓN DE EXPLOTACIÓNS

- ☐ CERTIFICACIÓN DAS ACHEGAS ECONÓMICAS QUE DEBEN DESEMBOLSAR OS AGRICULTORES PARA SER SOCIOS, E CARÁCTER CON QUE ESTAS ACHEGAS SE INCORPORAN Á ENTIDADE ASOCIATIVA.
- ☐ COPIA DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN COMO NOVOS SOCIOS.
- ☐ COMPROMISO DE PERMANENCIA COMO MÍNIMO DURANTE CINCO ANOS.
- ☐ COPIA COMPULSADA DO DNI DOS NOVOS SOCIOS, COA DATA DE NACEMENTO BEN LEXIBLE.
- ☐ ACREDITACIÓN DA RELACIÓN DOS NOVOS SOCIOS CO SECTOR AGRARIO.
- ☐ COMPROMISO DA COOPERATIVA OU SAT DE INCORPORAR NOVOS SOCIOS PARA CUBRIR AS POSIBLES BAIXAS.
- ☐ NO CASO DE COOP. E SAT COMUNITARIAS, COPIA DA FOLLA DE SANEAMENTO E DO CEA DA EXPLOTACIÓN.
- ☐ NO SEU CASO, OS AGRICULTORES PROFESIONAIS PRESENTARÁN COPIA DA CUALIFICACIÓN DE EXPLOTACIÓN PRIORITARIA, OU COPIA DA ÚLTIMA DECLARACIÓN DO IRPF E DA COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL NO RÉXIME ESPECIAL AGRARIO.
- ☐ DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS INVESTIMENTOS, SEGUNDO OS PUNTOS 12, 13 E 14 DO ARTIGO 8º DA ORDE.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA: FUSIÓN, ABSORCIÓN E INTEGRACIÓN COOPERATIVA

- ☐ MEMORIA TÉCNICA, ESTUDO DE VIABILIDADE E INFORMES XUSTIFICATIVOS DA FUSIÓN OU INTEGRACIÓN.
- ☐ COPIA DOS INFORMES E BALANCES DE FUSIÓN, OU COMPROMISO DE PRESENTALOS.
- ☐ IDENTIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DOS EQUIPOS TÉCNICOS REALIZADORES.
- ☐ COPIA DA ESCRITURA DE FUSIÓN OU DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE RESULTANTE.
- ☐ COPIA DOS ESTATUTOS DEFINITIVOS DA ENTIDADE RESULTANTE.
- ☐ COPIA COMPULSADA DA SÚA INSCRICIÓN REXISTRAL.
- ☐ COPIA DO IMPOSTO DE SOCIEDADES DO ÚLTIMO EXERCICIO, DAS ENTIDADES PARTICIPANTES NO PROCESO.
- ☐ NO CASO DE ESTAR EN PROCESO DE FUSIÓN OU INTEGRACIÓN, PRESENTARASE COMPOSICIÓN DA COMISIÓN PROMOTORA E ACORDO DE SOLICITUDE DA AXUDA ASINADO POLAS ENTIDADES A FAVOR DA PETICIONARIA.
- ☐ RELACIÓN DAS ENTIDADES PARTICIPANTES. RELACIÓN DOS SEUS SOCIOS, EFECTIVOS PRODUTIVOS E CAPITAL SOCIAL. COMPOSICIÓN E MEMBROS DOS SEUS CONSELLOS REITORES E DATA DA SÚA ELECCIÓN.
- ☐ ACHEGAS ECONÓMICAS DE CADA ENTIDADE E CERTIFICACIÓN DO CAPITAL SOCIAL TOTAL DA RESULTANTE.
- ☐ NO CASO DE PROCESOS DE ABSORCIÓN OU FUSIÓN DE COOPERATIVAS E SAT, PRESENTARASE COPIA COMPULSADA OU CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE FUSIÓN, SEGUNDO O ESTABLECIDO NO PUNTO 19 DO ARTIGO 8º DA ORDE DE AXUDAS.
- ☐ NO CASO DE PROCESOS DE INTEGRACIÓN COOPERATIVA, PRESENTARASE COPIA COMPULSADA OU CERTIFICACIÓN DA ACTA DA ASEMBLEA XERAL, QUE RECOLLA OS COMPROMISOS CITADOS NO PUNTO 18 DO ARTIGO 8º DA ORDE.
- ☐ DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS INVESTIMENTOS, SEGUNDO OS PUNTOS 12, 13 E 14 DO ARTIGO 8º DA ORDE.

O/A abaixo asinante responsabilízase da veracidade dos datos expostos.

LUGAR E DATA

SINATURA

ASDO.: _____

ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DO CONSELLO REITOR PARA SOLICITAR A SUBVENCIÓN

DON/DONA	NIF
COMO SECRETARIO/A DO CONSELLO REITOR DE	CIF
CON DOMICILIO SOCIAL EN	

CERTIFICA:

Que o consello reitor desta cooperativa, reunido en _____, o día _____, acordou:

- Aprobar a realización das actividades, gastos e investimentos que se citan a continuación:

- Solicitar a subvención que corresponda, segundo as axudas establecidas nesta orde.

- Autorizar a _____, como persoa encargada da realización dos trámites necesarios.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en _____, con data _____

Vº e praxe
O/A presidente/a

O/A secretario/a

Asdo.: _____

ANEXO V

INFORME XERAL DA ENTIDADE ASOCIATIVA

DATOS XERAIS DA ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL			CIF
ENDEREZO			LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

DATA DE CONSTITUCIÓN	Nº DE REXISTRO	Nº DE SOCIOS	TOTAL ACTIVO (€)
PRESIDENTE		XERENTE	
¿GRAO?	¿É 1º COMPRADOR?	¿INDUSTRIALIZA?	¿COMERCIALIZA AS PRODUCCIÓN?
¿É APA?	¿PARTICIPA EN PROXECTOS DE INTERCOOPERACIÓN CON OUTRAS COOPERATIVAS? ¿CON CALES?		
ACHEGA PARA SER SOCIO			
CAPITAL SOCIAL: _____		COTA DE ENTRADA: _____	

DATOS TÉCNICOS, SERVIZOS PRESTADOS E ACTIVIDADES REALIZADAS

EDIFICIOS E INSTALACIÓNS, PROPIOS (P) OU ALUGUER (A)			
MAQUINARIA	¿TEN SECCIÓNS REGULADAS? ¿CALES?		
TIPOLOXÍA E Nº DE EMPREGADOS			
ADMINISTRACIÓN: _____	SERVIZOS TÉCNICOS: _____	FÁBRICA DE PENSO: _____	ALMACÉN: _____
OUTROS: _____			
SERVIZO TÉCNICO PRESTADO	NÚMERO DE TÉCNICOS	FINANCIAMENTO PROPIO	SUBVENCIÓN
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
ACTIVIDADE REALIZADA	PRODUCCIÓN	FACTURACIÓN	RETENCIÓN COOPERATIVA
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

DATOS DA EXPLOTACIÓN TIPO

SUPERFICIE TOTAL	SUP. LABRADÍO	SUP. FORRAXEIRA	SUP. FORESTAL
Nº VACAS DE LEITE	PRODUCCIÓN LEITE	COTA DE LEITE	IDADE DO SOCIO
Nº VACAS DE CARNE	Nº XATOS CEBADOS	SUP. DE VIÑEDO	PRODUCCIÓN VIÑO
SUP. DE HORTA	SUP. DE FLOR	OUTRAS PRODUCCIÓN (TIPOLOXÍA E CANTIDADE)	

O/A abaixo asinante responsabilízase da veracidade dos datos expostos.

Lugar e data

Sinatura

Asdo.: _____